

XV PREMIO LUÍSA VILLALTA A INICIATIVAS NORMALIZADORAS

1. OBXECTIVOS

O Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela e a Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, convocan o XV Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras cos seguintes obxectivos:

- Desenvolver iniciativas innovadoras, relacionadas coa planificación e a normalización lingüística, creadas por persoas e/ou grupos que pertencen ao ámbito universitario.
- Elaborar propostas que presenten rigorosidade planificadora e normalizadora para incentivar, deste xeito, a investigación nos ámbitos da sociolingüística e da planificación lingüística.
- Promover a reflexión e a implicación da comunidade universitaria galega a respecto da situación da nosa lingua dentro das súas institucións e no contorno en que se desenvolven as súas actividades
- Aproveitar as potencialidades técnicas e científicas e os recursos humanos existentes nas tres universidades, así como outros recursos externos a elas.

2. PARTICIPANTES

O concurso está dirixido a todos os membros da comunidade universitaria galega (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo), así como aos seus respectivos centros adscritos.

Poderanse presentar todas aquelas persoas que o desexaren de xeito individual ou en grupos. Coa constitución de equipos preténdese favorecer a participación dos colectivos que teñen entre os seus obxectivos pular pola normalización do galego, como as comisións de normalización lingüística, as asociacións estudiantís etc.

Dadas as características do concurso fica excluído de participar todo o persoal que traballe nos servizos lingüísticos destas tres institucións.

3. CARACTERÍSTICAS DA INICIATIVA

O premio consta de dúas modalidades:

- a) Premiarase o deseño **dunha campaña normalizadora** que desenvolva unha iniciativa orixinal que teña como obxectivo fomentar o uso do galego no ámbito universitario.

A iniciativa poderá presentar enfoques diferentes dependendo de cales foren os ámbitos de aplicación, os obxectivos que se perseguiren, os destinatarios a que for dirixida a acción etc. Neste sentido, é posible deseñar unha campaña dinamizadora para un centro en concreto de calquera dos existentes nas tres universidades galegas, de modo que se oriente cara a un ámbito de coñecemento específico (informática, dereito, ciencia, deporte etc.) ou ben deseñar unha campaña dinamizadora para as tres universidades galegas que se poida desenvolver simultaneamente ou non.

Código Seguro De Verificación	VwVJu/YsSoRRpCRFwsj2dQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	23/04/2018 12:51:47
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VwVJu/YsSoRRpCRFwsj2dQ==		





En todas as campañas poderá procurarse a implicación de institucións, asociacións e organismos alleos ás universidades que teñan como unha das súas responsabilidades o fomento da lingua galega, así como doutras entidades que se puideren implicar dalgún xeito no proceso normalizador.

A campaña que se propuxer debe ter uns destinatarios concretos, débese saber onde se pretende actuar e, sobre todo, que se espera obter con ela, cales son os obxectivos. Para iso o documento en que se recolla deberá contar, cando menos, coas seguintes epígrafes:

- **Punto de partida onde figure a situación do galego no ámbito en que se centrar:** referencias ao status legal da lingua nese ámbito, utilización de diagnoses e análises previas se as houber, grao de coñecemento do medio sobre o que se vai traballar, labor previo de tipo normalizador feito no mesmo ámbito etc.
- **Obxectivos que se perseguen:** explicación do que se pretende e reflexión sobre a conveniencia da campaña, nomeadamente sobre os obxectivos que persegue e sobre a importancia que tería de se cumpriren estes, así como sobre a repercusión que podería acadar.
- **Metodoloxía:** análise dos procedementos e estratexias que se van seguir para conseguir os obxectivos que se perseguen, cunha breve reflexión sobre a metodoloxía escollida e a súa conveniencia.
- **Actividades que se pretenden desenvolver:** descrición das actividades concretas que se han desenvolver e especificación da súa relevancia dentro dos obxectivos que pretende conseguir a campaña.
- **Planificación temporal da campaña:** configuración dun calendario de execución da campaña o máis detallado que for posible.
- **Persoas implicadas e persoas a que implica:** relación de persoas a que vai dirixida a campaña, así como as diferentes actividades (no caso de variaren) e a relación de persoas ou axentes normalizadores que se han implicar no seu desenvolvemento.
- **Estimación orzamentaria para o desenvolvemento da campaña:** deberase presentar unha estimación orzamentaria o máis axustada posible á realidade, para o que se poden incluír memorias económicas con base nuns orzamentos previos.

b) Premiarase unha idea para a promoción do galego que explique razoadamente unha proposta cuxo obxectivo for fomentar o uso do galego no ámbito universitario. A entrega desta iniciativa constará obrigatoriamente dun pequeno informe razoado sobre a idea que se presenta, a súa motivación, os seus obxectivos e a súa incidencia social. Poderá acrecentarse este informe con calquera material e/ou soporte que complemente, reforce ou desenvolva a iniciativa xa fundamentada previamente.

Código Seguro De Verificación	VwVJu/YsSoRRpCRFwsj2dQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	23/04/2018 12:51:47
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VwVJu/YsSoRRpCRFwsj2dQ==		





Os criterios que rexerán nesta modalidade son os seguintes:

- as posibilidades reais de pór en práctica a idea e a súa capacidade de incidencia social,
- a coordinación e colaboración entre distintos axentes dinamizadores (departamentos, servizos, institucións etc) e, sobre todo, que se poida contar co apoio dun amplo tecido social,
- a multidisciplinaridade e o carácter transversal do proxecto
- a novidade e a orixinalidade da iniciativa

Para alén destes criterios básicos, valorarase tamén o aproveitamento dos recursos humanos e económicos e a calidade lingüística que presentaren os materiais no seu conxunto, tanto no informe obrigatorio como naqueles materiais e/ou soportes que complementaren a proposta.

4. TRAMITACIÓN

As solicitudes presentaranse a través do Rexistro Xeral das tres universidades e dirixiranse ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela ou á Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

Deberanse presentar dous sobres:

O primeiro sobre, que deberá estar pechado, incluírá a campaña de promoción do idioma ou a idea para a promoción do galego, en papel e en versión electrónica (formato word ou pdf). No anverso deste sobre figurarán os datos que seguen:

1. lema do traballo
2. a denominación do premio: XV Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras
3. a modalidade a que se concorre: a) deseño dunha campaña normalizadora; b) idea para a promoción do galego

No segundo sobre, que se deberá entregar tamén pechado e baixo o mesmo lema escrito no anverso, incluírase a identidade e os datos académicos completos da/s persoa/s participante/s ou do colectivo, así como un teléfono e un correo electrónico de contacto. Deberá achegarse tamén unha fotocopia do DNI/NIF/CIF.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo fixado para a presentación de solicitudes será até as 14:00 h do día 25 de outubro de 2018.

6. PREMIOS

Concederase un único premio por modalidade e o xurado poderá deixar deserta unha ou as dúas modalidades de vulgar que os traballos presentados non responden aos criterios que se indican nesta convocatoria.

A dotación económica será a seguinte:

Modalidade a) Deseño dunha campaña normalizadora:
1200 € para a persoa ou grupo de persoas que a elaboraren.

Código Seguro De Verificación	VwVJu/YsSoRRpCRFwsj2dQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	23/04/2018 12:51:47
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VwVJu/YsSoRRpCRFwsj2dQ==		





Modalidade b) Premio a unha idea para a promoción do galego:
800 € para a persoa ou grupo de persoas que a elaboraren.

Por outra parte, as tres universidades valorarán desenvolver a campaña que resultar gañadora ao ano seguinte ao da resolución do premio (ou ben en anos posteriores).

Os dereitos que derivaren do seu uso serán propiedade das institucións organizadoras.

No caso de que, definitivamente, a campaña gañadora se executar, as institucións organizadoras poderán consultar a persoa ou as persoas gañadoras ou requiriren a súa participación voluntaria.

A dotación destes premios financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 0100.44.0093.422D.640.00.18 (Conv. 2018 Xunta, C. Educ. Actuación en materia de normalización lingüística. Servizo Normalización Lingüística, premios). No caso de os premios recaer nos colectivos de PDI ou de PAS procederase a tramitar a redistribución precisa.

7. SELECCIÓN

O xurado estará composto polas seguintes persoas:

- Manuel Bermúdez Blanco, técnico do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela
- Beatriz Corral Sánchez, asesora técnica de dinamización lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística
- Marisol Ríos Noya, técnica do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña
- Cristina Rodríguez Ricart, técnica da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
- Dores Sánchez Alegre, técnica da Unidade Técnica de Normalización Lingüística da Deputación da Coruña

8. RESOLUCIÓN

A resolución do xurado terá lugar dentro dos 20 días seguintes a que finalice o prazo de entrega de solicitudes.

A Coruña, 23 de abril de 2018

O secretario xeral

Carlos Aymerich Cano

Código Seguro De Verificación	VwVJu/YsSoRRpCRFwsj2dQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	23/04/2018 12:51:47
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/VwVJu/YsSoRRpCRFwsj2dQ==		

